



OFICIO

Asunto: Remisión de normativa para negociación na comisión de persoal

Segundo o establecido no artigo 42.8 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os efectos de que se valore a súa negociación na próxima comisión de persoal, remítense o proxecto de Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.

Xunto co texto do proxecto remítense as alegacións presentadas no trámite de audiencia pola organización sindical UGT-Galicia, nas que sinalan que o trámite de audiencia non pode suplantar nin menoscabar o dereito á negociación colectiva dos empregados públicos.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

A xefa do Servizo ApoioTécnico-Administrativo
Patricia Fernández López

CONSELLERÍA DE FACENDA. DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA. SUBDIRECCIÓN
XERAL DE RÉXIME XURÍDICO E RELACIÓNS LABORAIS





Orde do --- de ----- de 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula o Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.

O Decreto 70/2017, do 13 de xullo, regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero de todo o persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de reforzar as súas competencias nestas materias e fortalecer a introdución da perspectiva de xénero en todas as áreas de xestión. A tal efecto establece tres niveis de coñecemento en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, básico, medio e superior, e sinala que a administración autonómica adoptará as medidas necesarias para garantir unha formación, tanto básica como especializada, progresiva e permanente nesta materia. Como medidas para garantir a formación, elaboraranse e executaranse plans de formación anuais, nos que se ofertarán para todo o persoal actividades formativas en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.

Ademais, o Decreto 70/2017 prevé na súa disposición derradeira segunda que poderán ver recoñecida a súa competencia profesional nos tres niveis de coñecemento, básico, medio e superior, as persoas que no momento da entrada en vigor do decreto acrediten unha formación en xénero cunha duración mínima de 20, 150 ou 500 horas, respectivamente, en calquera dos contidos recollidos no seu artigo 1, impartida por un organismo público oficial, e atribúelle á persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade a competencia para o outorgamento das validacións. Tamén dispón que mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de igualdade se regulará o procedemento a seguir para o recoñecemento e validación da formación recibida.

Con esta orde procédese a desenvolver a disposición derradeira segunda do Decreto 70/2017 e establécese o procedemento a seguir para o recoñecemento e validación da formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.

Regúlense dúas modalidades de recoñecemento e validación, de oficio polo propio organismo ou entidade organizadora do curso ou actividade formativa, ou por solicitude da persoa interesada que desexe recoñecer e validar a formación que xa teña realizada.

Cando o recoñecemento e validación se solicite de oficio polo organismo ou entidade organizadora dun curso ou actividade formativa, o diploma ou certificación que se expida



indicará expresamente que o curso ou actividade formativa está acreditado pola Secretaría Xeral da Igualdade, co nivel de coñecemento que corresponda, básico, medio ou superior.

Cando o recoñecemento e validación se solicite directamente pola persoa interesada, a resolución que dite a persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade indicará o nivel de coñecemento que corresponda, básico, medio ou superior.

Ambas as dúas modalidades de recoñecemento e validación son compatibles entre si para acadar o nivel de recoñecemento superior que corresponda. A posesión dun determinado nivel de coñecemento, por ter realizado un curso ou actividade formativa recoñecida e validade de oficio, non impedirá que calquera persoa interesada, que posúa un nivel de formación superior ao que ten recoñecido por ter superado outros cursos ou actividades formativas, solicite o recoñecemento e validación do nivel superior.

Ademais, co obxecto de cumprir a previsión contida na disposición transitoria primeira do Decreto 70/2017, e facilitar o recoñecemento do nivel básico, recóllese no anexo I desta orde unha relación de cursos e actividades formativas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero que no momento da súa entrada en vigor impartiran a consellería competente en materia de educación, a consellería competente en materia de sanidade, o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de igualdade e a Escola Galega de Administración Pública, establecéndose que as persoas que superaron estes cursos e actividades formativas xa teñen recoñecido e validado de xeito automático o nivel básico de coñecemento, sen necesidade de realizar ningún outro trámite ou solicitar outro recoñecemento e validación posterior.

Tamén se regula nesta orde o Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero e o procedemento de acreditación e inscrición.

O Decreto 70/2017 establece no seu artigo 7 os requisitos que debe de cumprir o profesorado que vai impartir a docencia da formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Estes requisitos vincúlanse á posesión dunha determinada formación ou dunha experiencia laboral mínima nesta materia, establecendo tamén que non precisarán acreditar estes requisitos as persoas que polo seu exercicio profesional en ámbitos tales como o xudicial, policial, sanitario, social ou administrativo, acrediten un coñecemento suficiente en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Ademais, o decreto encoméndalle á comisión de seguimento prevista na súa disposición derradeira primeira velar para que o profesorado que imparta os módulos e contidos formativos cumpra cos requisitos mínimos especificados e garantir así a calidade do ensino.



Segundo o previsto no artigo 7 do Decreto 70/2017 procédese nesta orde a desenvolver os requisitos que debe de cumprir este profesorado, fixándose non só o número mínimo de horas de formación recibidas e a experiencia laboral mínima, senón tamén os organismos nos que se cursou a dita formación, así como o período mínimo de servizos prestados ou de horas de docencia impartidas para o caso daquelas persoas que acrediten un coñecemento suficiente en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero polo seu exercicio profesional en ámbitos como o xudicial, policial, sanitario, social ou administrativo.

Para facilitar un mellor seguimento do cumprimento dos requisitos exixidos a este profesorado, créase nesta orde o Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, cuxo responsable será o órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, a quen lle corresponde non só a súa creación, senón tamén o seu mantemento e xestión. Regúlase tamén o procedemento de inscrición no rexistro.

En canto aos efectos da inscrición no rexistro, a inscrición non é un requisito necesario para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, pero a resolución pola que se declare a inscrición servirá para xustificar o cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 6 desta orde.

A orde consta de trinta e dous artigos, estruturados en catro capítulos, catro disposicións adicionais e dúas disposicións finais. No capítulo primeiro recóllense as disposicións de carácter xeral, relativas ao obxecto da orde, o persoal destinatario, os diferentes niveis de coñecemento, os cursos e as actividades obxecto de recoñecemento e as modalidades de recoñecemento e validación da formación. Tamén se regulan os requisitos que debe reunir o persoal docente para impartir a formación, así como a competencia para recoñecer e validar a formación e para acreditar ao persoal docente e, por último, establécese o deber de colaboración, cooperación e coordinación administrativa para os diferentes órganos que participen nos procedementos previstos nesta orde.

No capítulo segundo establécese o procedemento de recoñecemento e validación dos diferentes niveis de formación, regulando na sección primeira o recoñecemento e validación de oficio e na sección segunda o recoñecemento e validación por solicitude da persoa interesada, que se tramitará obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

No capítulo terceiro regúlase o Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación e o procedemento para efectuar a inscrición e proceder á acreditación, que tamén se tramitará obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.



No capítulo IV recóllense todas aquelas previsións comúns aos diferentes procedementos regulados na orde e que, polo tanto, se regulan de xeito conxunto nun mesmo capítulo.

A disposición adicional primeira establece a obrigatoriedade da formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero para todo o persoal de novo ingreso, a disposición adicional segunda inclúe unha previsión relativa a actividade convencional, a disposición adicional terceira refírese á actualización dos modelos normalizados utilizados na tramitación dos procedementos establecidos nesta orde e a disposición adicional cuarta á información básica sobre protección de datos de carácter persoal.

Por último, a disposición final primeira establece a habilitación para o desenvolvemento normativo desta orde e a disposición final segunda refírese á súa entrada en vigor.

Por todo o exposto,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións de carácter xeral

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto desta orde é establecer o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (SI500A), así como regular o Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a dita formación e o procedemento de inscrición no rexistro para aquelas persoas que o soliciten (SI500B).

2. Para os efectos desta orde, considerarase formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero os contidos que aborden estas materias baixo calquera das denominacións utilizadas polos organismos autonómicos, nacionais e internacionais, tales como igualdade de xénero, *mainstreaming*, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fins de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres.

Artigo 2. *Persoal destinatario*

1. Poderá solicitar o recoñecemento e validación da formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero todo o persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas



instrumentais do sector público autonómico de Galicia, o persoal docente empregado público da consellería competente en materia de educación, o persoal do Sistema Público Sanitario de Galicia, o persoal ao servizo da Administración de xustiza e o persoal funcionario do Corpo de Policía de Galicia.

2. Poderán solicitar a súa inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero todas as persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 6 desta orde.

Artigo 3. *Niveis de coñecemento*

Para os efectos de recoñecer e validar a formación en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero establécense tres niveis de coñecemento:

a) Nivel básico: acreditará unha competencia inicial, que permita a inclusión progresiva do principio de igualdade nos procesos habituais de traballo, cunha duración mínima de 20 horas en calquera dos contidos recollidos no artigo 1 desta orde.

b) Nivel medio: acreditará unha competencia media, que permita integrar o enfoque de xénero en ámbitos materiais concretos de competencia das Administracións Públicas: subvencións, contratos, produción normativa ou xestión administrativa, e o coñecemento e comprensión da violencia de xénero, cunha duración mínima de 150 horas en calquera dos contidos recollidos no artigo 1 desta orde.

c) Nivel superior: acreditará unha competencia alta, que permita o coñecemento e aplicación práctica do enfoque integrado ou mainstreaming de xénero, cunha duración mínima de 500 horas en calquera dos contidos recollidos no artigo 1 desta orde.

Artigo 4. *Cursos e actividades obxecto de recoñecemento e validación*

1. Os cursos e actividades formativas para os cales se solicite o recoñecemento e validación poderán ser anteriores ou posteriores á entrada en vigor desta orde.

2. Poderán terse en conta os módulos de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero que, aínda formando parte de cursos ou actividades formativas non específicos de igualdade, traten algunha das materias sinaladas no artigo 1.2 desta orde. Para tal efecto, deberá acreditarse de forma expresa os contidos e o número de horas do módulo de igualdade que, en todo caso, deberá ser igual ou superior a 20 horas.

3. O órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade publicará na súa páxina web a relación dos cursos e das actividades formativas que teñan sido obxecto de recoñecemento e validación. Esta relación manterase permanentemente actualizada.



Artigo 5. *Modalidades de recoñecemento e validación*

1. O recoñecemento e validación da formación poderá realizarse de oficio polo organismo ou entidade organizadora do curso ou actividade formativa, ou por solicitude da persoa interesada, consonte ao procedemento regulado no capítulo II desta orde.
2. Para os efectos de acreditar o nivel de coñecemento básico, no momento da entrada en vigor desta orde quedan recoñecidos e validados os cursos e actividades formativas que figuran recollidas no anexo I.

Artigo 6. *Requisitos para impartir formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero*

1. A docencia da formación poderá ser impartida por persoas capacitadas na materia pola posesión de coñecementos específicos en xénero, igualdade entre mulleres e homes, integración da perspectiva de xénero en plans, programas e proxectos, prevención e loita contra a violencia de xénero ou outros estudos de xénero.

2. A posesión destes coñecementos entenderase acreditada mediante algún dos seguintes requisitos:

a) Ter cursado e superado un mínimo de 750 horas de formación nas materias sinaladas no artigo 1 desta orde, impartida por algún dos seguintes organismos públicos oficiais: Escola Galega de Administración Pública, Academia Galega de Seguridade Pública, Escola Galega de Administración Sanitaria, Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e órganos e/ou entidades públicas instrumentais adscritos a elas, estruturas de formación permanente do profesorado, Instituto Nacional de Administración Pública, escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, ministerios e/ou os seus departamentos adscritos, administracións autonómicas, administracións locais, universidades, ou formación impartida no marco do acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

b) Ter cursado e superado un mínimo de 500 horas de formación nas materias sinaladas no artigo 1 desta orde, impartida por algún dos organismos citados no apartado anterior, e unha experiencia laboral mínima de dous anos no ámbito da igualdade de xénero e/ou prevención da violencia de xénero.

3. Non precisarán acreditar os requisitos esixidos no parágrafo anterior:

a) As persoas que polo seu exercicio profesional en ámbitos tales como o xudicial, policial, docente, sanitario, social ou administrativo, acrediten un coñecemento suficiente en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Para os efectos



desta orde, considerárase que teñen un coñecemento suficiente aquelas persoas que prestan servizos nos ámbitos referidos durante un período mínimo de tres anos.

b) As persoas que con anterioridade á entrada en vigor desta orde xa tiveran impartido un mínimo de 500 horas de docencia en cursos e actividades formativas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero organizados por algún dos organismos previstos no artigo 8.2 desta orde.

Artigo 7. *Competencia*

Será competente para recoñecer e validar os diferentes niveis de coñecemento do persoal ao que se refire o artigo 2, así como para a acreditación do persoal docente e a inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, a persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade.

Artigo 8. *Colaboración, cooperación e coordinación administrativa*

De acordo cos principios de colaboración, cooperación e coordinación administrativa, os diferentes órganos que participen nos procedementos establecidos nesta orde deberán colaborar e auxiliarse entre si, co obxecto de axilizar a súa tramitación e desenvolves de xeito eficaz e eficiente.

CAPÍTULO II

Procedemento de recoñecemento e validación da formación

Sección 1ª. Recoñecemento e validación de oficio

Artigo 9. *Habilitación para solicitar o recoñecemento e validación de oficio*

1. Os organismos e entidades sinalados no apartado 2 deste artigo solicitarán de oficio ante o órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, o recoñecemento e validación de todos os cursos ou actividades formativas que, polo seu contido, poidan acreditar algún dos niveis de coñecemento establecidos no artigo 3 desta orde.

2. Solicitarán este recoñecemento e validación os seguintes organismos públicos oficiais: Escola Galega de Administración Pública, Academia Galega de Seguridade Pública, Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e órganos e/ou entidades públicas instrumentais adscritos a elas, e estruturas de formación permanente do profesorado da Xunta de Galicia.



Artigo 10. *Capacitación do profesorado*

1. O profesorado que imparta os cursos e as actividades formativas para as que se solicita o correspondente recoñecemento e validación debe cumprir os requisitos establecidos no artigo 6.2 desta orde ou, no seu caso, estar exento do seu cumprimento por reunir algunha das circunstancias previstas no artigo 6.3. Estas circunstancias verificaranse polo órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade

Artigo 11. *Solicitud de recoñecemento e validación de oficio*

A persoa titular do organismo ou entidade solicitará o recoñecemento e validación de oficio do curso ou actividade formativa ante o órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, empregando o modelo establecido no anexo II desta orde.

Artigo 12. *Tramitación do recoñecemento e validación de oficio*

O órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade poderá requirirle ao órgano solicitante que achegue a documentación e que efectúe as aclaracións que resulten necesarias para asegurar o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 13. *Resolución do recoñecemento e validación de oficio*

1. Mediante resolución ditada pola persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade acreditarase que o curso ou a actividade formativa está recoñecido e validado no nivel de coñecemento en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero que corresponda, de acordo co Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O diploma ou a certificación indicará expresamente o nivel de coñecemento recoñecido segundo o modelo establecido no anexo III desta orde, que poderá adaptarse ao formato do órgano que o expida.

Sección 2ª. Recoñecemento e validación por solicitude da persoa interesada (SI500A)

Artigo 14. *Requisitos das persoas solicitantes*



1. Poderán solicitar o recoñecemento e validación da súa formación a través do procedemento regulado nesta sección as persoas previstas no artigo 2.1 desta orde que, ademais, cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Persoas que superaran calquera curso ou actividade formativa en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero que non estea incluída no anexo I desta orde, e que tampouco fora recoñecida e validada con posterioridade á súa entrada en vigor, pero que reúna os requisitos establecidos para o recoñecemento e validación de calquera dos niveis de coñecemento regulados nesta orde.

b) Persoas que superaran calquera curso ou actividade formativa en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero recoñecida e validada con posterioridade á entrada en vigor desta orde, pero que, por causas excepcionais, o correspondente título ou diploma non inclúa o recoñecemento e validación conforme ao modelo establecido no anexo III desta orde.

c) Persoas que desexen acreditar un nivel de coñecemento superior ao que xa teñen recoñecido e validado.

2. As persoas solicitantes deberán posuír a condición dalgún dos tipos de persoal sinalados no artigo 2.1 desta orde na data de presentación da solicitude e nos termos nela sinalada. O cumprimento deste requisito será comprobado de oficio a través de medios telemáticos polo órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade.

Para este fin, todos os órganos implicados na tramitación do procedemento, responsables das correspondentes bases de datos, prestarán a colaboración oportuna e as facilidades de acceso electrónico que sexan necesarias de acordo coa lexislación vixente, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ser requiridas para achegar os documentos e aclaracións que resulten necesarias de acordo co establecido no artigo 28 desta orde.

Artigo 15. Presentación de solicitudes para o recoñecemento e validación da formación

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo IV) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

2. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



3. Para a presentación das solicitudes poderá utilizarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 16. Documentación adicional para o recoñecemento e validación da formación

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude o título que acredite a formación recibida ou, de ser o caso, a certificación oficial que acredite a superación. No título ou certificación deben figurar as materias cursadas e o número de horas lectivas de cada materia.

Artigo 17. Comprobación de datos para o recoñecemento e validación da formación

1. Para a tramitación do procedemento regulado nesta sección consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante
- b) DNI ou NIE da persoa representante, de ser o caso
- c) Condición de empregado/a público/a

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 18. Resolución do procedemento de recoñecemento e validación por solicitude da persoa interesada

1. Mediante resolución ditada pola persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade porase fin ao procedemento de recoñecemento e validación por solicitude da persoa interesada. A resolución que se dite estimará, total ou parcialmente, ou desestimarán, no seu caso, as pretensións da persoa interesada.

2. A resolución poderá recoñecer un nivel de coñecemento inferior ao que solicite a persoa interesada cando non se acrediten os requisitos de formación do nivel solicitado, pero si os correspondentes a outro nivel inferior.



3. Contra a resolución que poña fin ao procedemento de recoñecemento e validación por solicitude de persoa interesada poderá interpoñerse o oportuno recurso nos termos establecidos no artigo 32 desta orde.

CAPÍTULO III

Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero e procedemento de acreditación e inscrición

Sección 1ª. Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero

Artigo 19. Responsable do rexistro

O órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade será responsable da creación, mantemento e xestión do Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero.

Artigo 20. Requisitos para a inscrición no rexistro

Poderán solicitar a inscrición neste rexistro as persoas que cumpran os requisitos previstos no artigo 6 desta orde, mediante o procedemento regulado nos artigos seguintes.

Artigo 21. Efectos da inscrición

1. A inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero non será obrigatoria para impartir os cursos e actividades formativas en materia de igualdade e de violencia de xénero aos que fai referencia esta orde.

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, a resolución de inscrición no rexistro será condición suficiente para xustificar o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 6 desta orde.

Sección 2ª. Procedemento de inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero (SI500B)

Artigo 22. Presentación de solicitudes de inscrición no rexistro



1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo V) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

2. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación das solicitudes poderá utilizarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 23. Documentación adicional para a inscrición no rexistro

Coa finalidade de xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 6 desta orde, as persoas interesadas deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación:

a) Título que acredite a formación recibida ou certificación oficial que acredite tela superado, no suposto previsto na alínea a) do artigo 6.2.

b) Título que acredite a formación recibida ou certificación oficial que acredite tela superado, así como certificado de vida laboral e/ou calquera outra documentación acreditativa das tarefas realizadas, no suposto previsto na alínea b) do artigo 6.2.

c) Certificado de vida laboral e/ou calquera outra documentación acreditativa das tarefas realizadas, no suposto previsto na alínea a) do artigo 6.3.

d) Certificación oficial do nomeamento como docente ou documento equivalente, no suposto previsto na alínea b) do artigo 6.3.

Artigo 24. Comprobación de datos para a inscrición no rexistro

1. Para a tramitación do procedemento regulado nesta sección consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante

b) DNI ou NIE da persoa representante, de ser o caso

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 25. *Resolución e inscrición*

1. Mediante resolución ditada pola persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade porase fin ao o procedemento de inscrición no rexistro.

2. Se a resolución fose estimatoria, a persoa solicitante será inscrita no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero e, a partir da data da resolución de inscrición non precisará xustificar documentalmente os requisitos establecidos no artigo 6 desta orde, sendo suficiente con indicar o número de inscrición no rexistro.

3. Contra a resolución que poña fin ao procedemento de inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero poderá interpoñerse o oportuno recurso nos termos establecidos no artigo 32 desta orde.

CAPÍTULO IV

Disposicións comúns aos procedementos regulados nesta orde

Artigo 26. Documentación complementaria

1. A documentación complementaria tamén deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

2. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberá indicarse o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

3. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro



dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos poderá consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do Cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

6. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Artigo 27. Emenda da solicitude

Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación esixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá á persoa solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de que se dite resolución nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Artigo 28. Instrución do procedemento

1. Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, en calquera momento do procedemento poderá requirírselle á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a verificación do cumprimento dos requisitos esixidos nesta orde ou para a tramitación e resolución do procedemento.

2. Os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos en virtude de cales deba pronunciarse a resolución realizaraos de oficio e a través de medios electrónicos o órgano que tramite o procedemento, sen prexuízo do dereito das persoas interesadas de propoñer aquelas actuacións que requiran a súa intervención ou constitúan trámites legal ou regulamentariamente establecidos.



Artigo 29. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 30. *Prazo máximo de resolución e efectos do silencio administrativo*

1. O prazo máximo de resolución dos procedementos establecidos neste orde será de cinco meses, que se contarán dende a data de presentación da solicitude.
2. De producirse o transcurso do prazo indicado sen que se emita resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas por silencio administrativo.

Artigo 31. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 32. *Réxime de recursos*

De conformidade co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións ditadas ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación. Se o acto non fose expreso, poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Alternativamente, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición adicional primeira. *Formación do persoal de novo acceso*

1. De acordo coa Disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a partir da entrada en vigor do citado decreto toda persoa que acceda á condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, de persoal docente empregado público da consellería competente en materia de educación e de persoal do Sistema Público Sanitario de Galicia a través dun proceso selectivo, terá que realizar, con carácter obrigatorio e nun prazo non superior aos seis meses, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento previsto no artigo 4 do citado decreto e no artigo 3 da presente orde.

2. Non obstante o establecido no número anterior, estarán exentas desta obriga aquelas persoas que xa tiveran superado antes do seu nomeamento os cursos establecidos no anexo I desta orde, ou aqueles que sexan validados posteriormente polo órgano superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade segundo o procedemento previsto na Sección 1ª do Capítulo II desta orde.



Disposición adicional segunda. *Convenios*

O órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade, a través de convenios ou mediante o instrumento xurídico pertinente, poderá recoñecer e validar, cos efectos previstos nesta orde, os cursos e actividades formativas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero organizados e impartidos por organismos e entidades distintos dos previstos no artigo 9.2, sempre que se acredite que estes cursos e actividades formativas reúnen os requisitos e demais exixencias establecidas nesta orde e no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición adicional terceira. *Actualización de modelos normalizados*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición adicional cuarta. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia- Secretaría Xeral da Igualdade- coas finalidades de recoñecemento e validación da formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia así como a de inscrición no Rexistro de persoal docente acreditado para impartir a dita formación e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición final primeira. *Competencia para os procedementos administrativos*

A persoa titular do órgano superior da Administración xeral da Xunta de Galicia competente en materia de igualdade ditará as disposicións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*



Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de 2019

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza


Alfonso Rueda Valenzuela



Galicia

Comisión Executiva

Adherida á CSI e á CES



**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA**
Secretaría Xeral Técnica
A/A Ángeles Lestón Mayo
Xefa do Servizo Técnico Xurídico

En contestación ao seu escrito relativo ao "Proxecto de Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establece o procedemento de recoñecemento e validación previsto no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o Rexistro de persoal docente acreditado para a formación en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero", dende UGT-Galicia queremos formular as seguintes alegacións:

1ª.- A formación e igualdade son materia obrigada de negociación na Mesa Xeral e nas Mesas sectoriais, e esta consulta por enotifica dende Vicepresidencia con prazo de alegacións, en un trámite formal que non pode suplantarse nin menoscarse o dereito á negociación colectiva dos empregados e empregadas públicas e Xeral.

2ª.- No marco dos Acordos de formación para o emprego, a formación das organizacións sindicais nesta materia tense que acreditar.

3ª.- Deberíase habilitar e recoñecer ás organizacións sindicais, como entidades sen ánimo de lucro que son, para a impartición de formación en igualdade acreditable.

Esperando se teñan en conta estas alegacións, reciba un cordial saúdo



Comisión Executiva

Fdo: Mónica Mª Rodríguez Ponte
Sª de Igualdade, Xuventude
e Movements Sociais
UGT-Galicia
CIF: G15383011

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/07/2018 12:26:09

ENTRADA 17960 / RX 2006601





Xustificante de envío

Nº de envío: 2019/40554

De: A12X00961 - SERVIZO DE APOIO TÉCNICO-ADMINISTRATIVO
Número: 2019/40554
Data envío: 17/01/2019 11:14:14
Para: A12X00314 - SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO E RELACIÓNS LABORAIS

Información do envío

Asunto: REMISIÓN DE NORMATIVA PARA NEGOCIACIÓN NA COMISIÓN DE PERSOAL
Procedemento: AP200A - Copias electrónicas auténticas

Documentación achegada

(*) Algoritmo para o resumo electrónico dos arquivos: SHA1

Nome do arquivo	Descrición	Validez	Resumo electrónico do arquivo (*)
OFICIO.pdf		Orixinal	84b576e02088f356eecdaf6bf01c46e5a4a16531
1.ORDE VALIDACION FORMACION V34.pdf		Orixinal	59d98df2e8134127c51df54f6f75c048f4b8feb4
2.Alegacions UGT.pdf		Orixinal	71dd730c4dec8bb530f3848b026b9f48309c90a1

